

Co fin de lles facilitar aos seus socios cliente o acceso a novas vantaxes

EROSKI AVANZA NA SÚA TRANSFORMACION DIXITAL COA INCORPORACION DE NOVAS FUNCIONALIDADES NA SÚA APP

- **Un escáner para coñecer o valor nutricional dos produtos e vídeo receitas elaboradas con alimentos de tempada, entre as novidades que ofrece a nova *app* EROSKI**
- **A *app* EROSKI mellora a experiencia dos consumidores facilitándolles o acceso a información, formación e aforro nunha única ferramenta**
- **Hai 20 anos que deu os seus primeiros pasos na dixitalización co lanzamento de Eroski Online, premiado no 2020 por cuarto ano consecutivo como o mellor supermercado *online* de España**

Elorrio, 22 de outubro do 2020.- [EROSKI](#) segue a apostar pola transformación dixital como ferramenta para lles facilitar aos consumidores formación, información e aforro. Neste caso, faino co relanzamento da *app* de EROSKI Club, na que, amais de mellorar a experiencia e accesibilidade a todos os servizos e vantaxes da versión anterior, incorporou novas funcionalidades dirixidas á formación e información dos consumidores. EROSKI avanza na súa proposta omnicanle para que os consumidores atopen resposta ás súas necesidades, en todas as canles e formatos.

A nova aplicación incorpora un escáner que permite acceder aos datos nutricionais, ingredientes e opinións doutros clientes sobre os diferentes produtos a través da lectura do código de barras; pon á disposición dos usuarios vídeo receitas con produtos de tempada e achega facilidades para o aforro, con novas funcionalidades que permiten activar vales de desconto ou acceder a folletos e ofertas.

A través da renovación da *app*, EROSKI avanza na adaptación a un contorno dixital dos valores que, como cooperativa de consumidores, a organización promove dende hai máis de 50 anos.

*"Queremos que o cliente dispoña de todo EROSKI na súa man. O uso das tecnoloxías elevou o nivel de esixencia dos consumidores, que esperan unha resposta omnicanle e unha atención personalizada. No último ano o número de descargas da nosa *app* incrementouse un 33,74%",* explicou a directora de Márketing de EROSKI, Eva Ugarte.

EROSKI

Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



A través desta renovada *app* ou da [páxina web](#), os consumidores poden acceder dende os seus dispositivos ao supermercado *online* de EROSKI. Esta canle reforzouse coa crise sanitaria provocada pola COVID-19, que deixou patente un cambio nos hábitos dixitais dos clientes e un aumento na busca de alternativas para unha compra máis doada e rápida, entre as que destacan, a carón da compra online, servizos como o *Click and Drive* e o *Click and Collect*.

EROSKI dispón de catro modalidades de entrega de pedidos *online*: a tradicional entrega a domicilio, na que é o único operador que ofrece este servizo no 100% do País Vasco, Navarra e Baleares, e ademais conta con entrega expreso no día nas capitais; a rede de puntos de recollida en tenda, en coche ou a pé e en portelos intelixentes, instalados de xeito pioneiro no seu hipermercado de Arrasate-Mondragón.

Mellor supermercado *online* por cuarto ano consecutivo

Ao se cumpriren dúas décadas dende a posta en marcha de EROSKI Online -a cooperativa foi pioneira no negocio *online* alimentario no ano 2000- e nun contexto marcado por un cambio nos hábitos de consumo tendentes á busca de novas canles, recentemente os consumidores elixiron a tenda en internet de EROSKI como o mellor supermercado online de España por cuarto ano consecutivo. O galardón 'WebShop do ano' na categoría de supermercados *online* outorgárono os consumidores a través da súa votación en función do seu grao de satisfacción e valoración global do supermercado. Trátase do maior certame de consumidores de España e dun dos maiores estudos de mercado do sector do *retail*.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)